

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Proceso de selección de técnico de turismo*

#### ANUNCIO

**Bases e convocatoria do procedemento de selección para a contratación laboral temporal dun/ha TÉCNICO/A DE TURISMO, correspondente ao programa DP0029**

Por medio de Decreto do alcalde número 375/2019, do 19 de xuño, resolveuse a aprobación das bases e a convocatoria para a selección dun/ha técnico de turismo segundo as seguintes bases:

#### **“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO DE TURISMO DO CONCELLO DE PONTEDEUME. CONTRATO LABORAL TEMPORAL OBRA OU SERVIZO**

##### **Primeira.-Obxecto da convocatoria.**

Estas bases teñen por obxecto a contratación laboral temporal dun/a técnico/a de turismo durante o período de tempo que medie entre a sinatura do contrato ata, como máximo o 31 de decembro de 2019, coa finalidade de promover e difundir as diferentes actividades turísticas entre a poboación de Pontedeume e os visitantes, vinculada á subvención concedida pola Deputación Provincial a través do Programa DP0029/2019 de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de Turismo durante o exercicio 2019. A duración da contratación será dende a sinatura do contrato de traballo unha vez concluída a selección conforme ao procedemento indicado nas presentes bases e ata o 31 de decembro de 2019.

As funcións a desempeñar serán, en xeral, as seguintes: atención ao público, atención telefónica, dar resposta a información demandada a través de correo ordinario, fax e correo electrónico, preparación de material promocional turístico para distintas feiras e eventos, colaborar no deseño e na elaboración de rutas comarcais, realización de visitas guiadas, elaborar documentos e informes, cubrir formularios e elaborar informes estatísticos entre outras establecidas pola concelleira do ramo así como calquera outra análoga á categoría do posto.

##### **Segunda.-Réxime xurídico.**

A normativa de aplicación ven determinada pola seguinte lexislación:

Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En canto a regulación das condicións do contrato estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

#### **Terceira.-Orzamento.**

Toda vez que o financiamento deriva do programa subvencionado indicado, a contratación efectiva condicionarase á concesión definitiva da devandita axuda. Concedida a axuda crearanse as aplicacións orzamentarias nas que se xerará o crédito para financiar a presente contratación.

#### **Cuarta.-Tipo de contrato e duración.**

Contrato laboral temporal de duración determinada por obra ou servizo, denominado DP0029/2018, Persoal oficina de turismo, a tempo completo. Grupo/categoría C1, nivel CD 18, complemento específico mensual 442,91 €.

Iniciarase coa maior brevidade en canto se remate o proceso de selección de persoal.

A duración do contrato será inescusablemente ata o día 31 de decembro de 2019 conforme ó establecido nas bases reguladoras da subvención que financia a presente contratación.

A xornada ordinaria de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5 horas) semanais que serán distribuídas en quendas de mañá e tarde e traballo de fins de semana, cos descansos previstos regulamentariamente, atendendo ás necesidades dos visitantes do Concello de Pontedeume, correspondendo cos períodos de realización de eventos, festas ou de maior afluencia de turismo en xeral. A distribución horaria será establecida pola Concellería do ramo como mínimo cunha periodicidade semanal.

#### **Quinta.-Publicidade.**

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no Taboleiro de Edictos do Concello de Pontedeume, na páxina web do Concello de Pontedeume e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Pontedeume ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)).

#### **Sexta.-Requisitos dos/as aspirantes.**

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Teren cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado.

e) No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

g) Estar en posesión da titulación esixida, segundo o establecido na base terceira das bases específicas do Programa de subvencións dirixido aos Concellos e Agrupacións de Concellos de menos de 50.000 habitantes para financiar gastos de persoal das Oficinas de Turismo durante o exercicio 2018, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 235, do 13 de decembro de 2017.

h) O persoal deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

a) Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.

b) Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.

c) Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.

d) Grao ou licenciatura en Historia da Arte.

e) Grao ou licenciatura en Humanidades.

f) Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.

g) Grao ou licenciatura en Historia.

Tódolos requisitos anteriores, así como os incluídos na base seguinte, deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

#### **Sétima.-Presentación de solicitudes.**

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo II das presentes bases, no Rexistro do Concello de Pontedeume, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Pontedeume, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia á dirección de correo electrónico: correo@pontedeume.gal, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento de identificación.
- Copia cotexada da titulación esixida na base quinta da presente convocatoria.
- A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación de copia cotexada do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG n.º 146, do 30 de xullo).

En base ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega terán unha proba, que será cualificada como apto/a ou non apto/a.

A devandita proba consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos. Esta proba cualificarase co resultado de apto/a ou non apto/a.

#### **Oitava.-Admisión dos aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación ditará Resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas cos motivos de exclusións, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello de Pontedeume e na páxina web municipal.

As persoas aspirantes disporán dun prazo non superior a tres (3) días hábiles, para a subsanación de deficiencias dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Edictos e na páxina web municipal, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na citada lista de aspirantes excluídos/as, indícarase o motivo de exclusión.

A mencionada lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houberse; no caso contrario exporase de novo a lista definitiva, na mesma forma que a anterior.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

#### **Novena.-Tribunal cualificador.**

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Emprego Público.

- Presidente/a: funcionario público que se nomee do mesmo ou superior grupo de titulación.
- Secretaria/o: o secretario da Corporación ou funcionario en que se delegue do mesmo grupo ou superior de titulación.
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios públicos do mesmo grupo ou superior ao posto que se convoca.

Os membros do tribunal deberán ser funcionarios do mesmo grupo ou superior ao do posto que se convoca.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, estando sempre o Presidente e o Secretario.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa citada.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos, publicárase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Pontedeume.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal terá a categoría segunda e prevense un número de 3 sesións neste procedemento selectivo, salvo alegacións ou incidencias que ampliarían o número e sería comunicado convenientemente polo/a Presidente/a do tribunal aos servizos económicos co fin de habilitar crédito adecuado e suficiente.

#### **Décima.-Procedemento de selección.**

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

#### **A. Fase de oposición (de 0 a 10 puntos).**

A fase de oposición consistirá nunha proba escrita de carácter obrigatorio, consistente en contestar por escrito, no tempo máximo de 1 hora, un cuestionario de vinte (20) preguntas, relacionadas cos temas que figuran no Anexo I das presentes bases.

Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10 puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos.

O exercicio practícarase en chamamento único, sendo suspendido quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

#### **B. Fase de concurso de méritos (de 0 a 4 puntos).**

A fase de concurso de méritos dos aspirantes valorarase de acordo co baremo seguinte: A puntuación máxima que se poderá obter será de 4 puntos, non sendo necesaria unha puntuación mínima para superar a fase de concurso. A puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberán poseer na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

##### *a) Experiencia profesional (de 0 a 1 punto)*

- Servizos prestados na mesma categoría (técnico/a de turismo) nos últimos cinco anos, na Administración Local: 0,10 puntos por cada mes completo.
- Servizos prestados mesma categoría (técnico/a de turismo) nos últimos cinco anos, en calquera outra administración pública: 0,08 puntos por cada mes completo.
- Servizos prestados mesma categoría (técnico/a de turismo) nos últimos cinco anos, en Centros, Entidades ou Empresas: 0,06 puntos cada mes completo.

A antigüidade anterior xustificárase mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración ou entidade onde prestasen os servizos, e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Será necesario presentar ámbolos dous documentos para que sexa valorada a experiencia laboral. En ningún caso será valorado tempo traballado en postos que non sexan coincidentes coa categoría do posto que se convoca. En canto á opción c) será valorado o tempo traballado como autónomo debidamente acreditado en canto ás funcións desenvolvidas

que serán as equivalentes á da praza que se convoca, coa mesma categoría profesional segundo o epígrafe correspondente a titulados superiores de turismo segundo a clasificación de actividades profesionais do Ministerio de Facenda.

*b) Idiomas estranxeiros (de 0 a 1)*

1. Nivel usuario básico – Nivel A1: 0.10 puntos Nivel A2: 0.20 puntos
2. Nivel usuario independente – Nivel B1: 0,30 puntos. Nivel B2: 0,60 puntos.
3. Nivel usuario competente – Nivel C1: 0.75 puntos Nivel C2: 1,00 puntos.

Serán admitidos certificados acreditativos de obtención de nivel de idiomas tanto expedidos por EOI como de organismos privados con validez internacional. (Cambridge, Trinity...)

*c) Cursos informática realizados nos últimos cinco anos: (de 0 a 1)*

– Cursos ofimática impartidos por Administración Pública exclusivamente, non sendo valorados cursos impartidos por academias ou escolas privadas.

20 a 50 horas: 0,25 puntos

51 a 100 horas: 0,50 puntos

101 a150 horas: 0,75 puntos

Superior a 150 horas, ou acreditación de Estar en posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CÓDIX) .-1 punto

O méritos deberán ser debidamente acreditados coas certificacións correspondentes.

*d) Titulación: (de 0 a 1)*

- Grao ou diplomatura en turismo ou equivalente homologado: 0,50 puntos.
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte: 1,00 punto.
- Grao ou licenciatura en Humanidades: 1,00 punto.
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio: 1,00 punto.
- Grao ou licenciatura en Historia: 1,00 punto.

**Undécima.-Cualificación final.**

A cualificación final dos/as candidatos/as resultará da suma das puntuacións outorgadas polo Tribunal na fase de concurso e na de oposición.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á maior puntuación na proba escrita.

No caso de renuncia dos/as candidatos/as seleccionados- circunstancia que deberá quedar debidamente acreditada no expediente da súa razón- acudirase ao seguinte ou seguintes da lista, pola orde de puntuación, sen necesidade de novo acordo, ata cubrir os devanditos postos.

Os candidatos que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo exclusiva para o posto obxecto da convocatoria, de tal maneira que, se o Concello precisa realizar algunha substitución, acudirá á devandita bolsa seleccionando o primeiro deles. Soamente poderá seleccionar ao seguinte cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dea a circunstancia de estar de baixa por incapacidade laboral o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

**Duodécima.-presentación de documentos.**

O aspirante seleccionado en primeiro lugar, no prazo máximo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar no Concello de Pontedeume, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

**Décimo terceira.-Normativa aplicable.**

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por R.D.Lex. 5/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o R.D. 364/1995, do 10 de marzo, Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

**Décimo cuarta.-Norma final**

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## ANEXO I

## TEMARIO

1. O turismo. A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia. Concepto legal. Distribución de competencias entre administracións.
2. A promoción turística. A promoción de recursos turísticos. Galicia como destino turístico.
3. Os servizos e establecementos turísticos. Tipos. Réxime de prestación. Signos distintivos e publicidade. Prezos. Clasificación administrativa. Normativa sobre clasificación e ordenación de establecementos hostaleiros en Galicia.
4. A información turística en Galicia. Guías de turismo.
5. O Concepto de turismo e turista. Oferta e demanda de turismo. Tipoloxía de turistas. Estrutura social da demanda do turismo. Orixe xeográfica e social da poboación turística.
6. A Socioloxía do turismo. A industria e civilización do ocio. A organización do ocio na sociedade española e galega. Oferta e demanda de ocio.
7. O produto turístico. Concepto e características. Xestión e ciclo da vida do produto. A marca e o produto. Contorno dos produtos e destinos. Inventario de recursos turísticos. Valoración e aproveitamento dos recursos turísticos.
8. Concepto de turista e cliente: coñecemento, xestión e aplicación do marketing. A compra e consumo de Produtos turísticos. Comportamento e tendencias dos usuarios de servizos turísticos.
9. O turismo e o territorio. Principios e aplicacións da análise territorial e de medioambiente. Inventario e avaliación do territorio como recurso turístico. Técnicas de xestión ambiental e do espazo turístico.
10. A comunicación turística. A publicidade e os medios publicitarios. Os distintos sistemas de promoción de vendas. As relacións públicas. A utilización de internet na comunicación e na publicidade.
11. Xeografía de Galicia. Principais destinos e produtos turísticos de Galicia.
12. Historia e Patrimonio histórico-artístico de Pontedeume. Torreón dos Andrade.
13. O Patrimonio natural de Pontedeume. As Fragas do Eume.
14. Patrimonio inmaterial: festas, tradicións e gastronomía.
15. O Camiño Inglés. Historia. Etapas. O Camiño Inglés ao seu paso por Pontedeume.

## ANEXO II

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/A TÉCNICO/A DE TURISMO**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., con enderezo para os efectos de notificación en ....., teléfono ....., e correo electrónico.....

**EXPOÑO:**

- 1.–Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Pontedeume para a contratación laboral temporal indicada.
- 2.–Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
- 3.–Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
- 4.–Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a fotocopia compulsada do meu DNI ou Tarxeta de Residente, fotocopia compulsada acreditativa da titulación esixida nas bases da convocatoria.
- 5.–Que presento toda a documentación numerada correlativamente. Por iso, SOLICITO: Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Pontedeume, ..... de ..... de 2019.

O/A INTERESADO/A

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.**–De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informásele de que o responsable dos seus datos persoais é o CONCELLO DE PONTEDEUME, con dirección en RÚA REAL N.º 13, 15600 PONTEDEUME (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para os trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e paxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE PONTEDEUME, dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pódese presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección RÚA REAL N.º 13-15600 PONTEDEUME (A CORUÑA).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME.”

Asinado dixitalmente o día 21 de xuño de 2019, polo alcalde-presidente do Concello de Pontedeume, don Bernardo Fernández Piñeiro.

2019/5365